



ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2024/2	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

29 de febreiro de 2024

**Duración:**

Desde las 12:00 hasta las 13:20

**Lugar:**

Casa Consistorial

**Presidida por:**

JOSÉ PARDO LOMBAO

**Secretario:**

Cristina Castro Fuentes

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33329791P	Elvira Lombao Vila	SÍ
33331257W	FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ	SÍ
33817919F	JOSÉ PARDO LOMBAO	SÍ
33834799M	Jesús Fernández García	SÍ
34222169D	José Yebra Amorín	SÍ
33323696P	LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ	SÍ
47373684D	MIGUEL VIEITO VILLAR	SÍ
36071720S	Maria del Carmen Acacio Lopez	SÍ





33321284B	María Begoña Seco Varela	SÍ
33329706S	María José Martínez Vigo	SÍ
33327776V	Pilar Méndez Lombao	SÍ
33544829L	Tania Díaz Seijas	SÍ
33307083R	Xosé Ferreiro Fernández	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### 1º.- Aprobación das actas das sesións anteriores de 28.12.2023 e 22.01.2024

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	--

#### Resolución:

Os membros da sesión plenaria aproban por unanimidade as actas das sesións plenarias de 28 de decembro de 2023 e 22 de xaneiro de 2023

#### 2º.- DITAME FAVORABLE DA MOCIÓN DO PSOE RELATIVA Á ORDENANZA DE SOARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 1, En contra: 9, Abstencións: 3, Ausentes: 0

#### Resolución:

Se copia a moción previamente ditaminada na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno

*MOCIÓN PARA A NOVA APROBACIÓN E POSTERIOR PUBLICACIÓN NO BOP DA ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI*

*Examinada a acta do Pleno do 26 abril de 2018, e vendo que un dos puntos aprobados por unanimidade dos concelleiros e concelleiras alí presentes, a aprobación provisional da Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares do Concello de Outeiro de Rei, non aparece no Portal de Transparencia deste concello, preguntamos a actual Secretaria sobre o número de BOP no que foi publicada. foi nese momento cando se nos contesta que aínda non entrou en vigor probablemente “por un erro” (non sabemos de quen)e, polo tanto, non se lle deu a publicidade de 30 días hábiles en dita publicación da Deputación provincial, que ditamina a lei. É dicir, esta ordenanza que se aprobou nun órgano colexiado como é o Pleno*





*municipal non existe.*

*Houbo outras ocasións, na anterior lexislatura, nas que esta Voceira preguntou ao Sr. Alcalde, en Pleno ordinario, sobre a ausencia da Ordenanza no portal da Transparencia deste Concello e así mesmo resentou un rogo para que se lle dese solución, pero semella que nin sequera se deron conta da situación da non existencia de dito documento nin da súa entrada en vigor.*

*No seu momento o Sr. alcalde defendeu a necesidade desta ordenanza porque “A rehabilitación e rexeneración urbana precisa de instrumentos técnicos que permitan ás Administracións lograr que os propietarios cumpran as súas obrigas de manter os predios en condicións de seguridade e salubridade. O cumprimento deste deber é imprescindible, non soamente para manter un parque de vivendas digno, senó para evitar molestias ou situacións de risco para as persoas ou os bens que, en última instancia, deterioran a convivencia e habitabilidade dos núcleos tradicionais. É claro que a disciplina urbanística, na meirande parte dos casos, acada este obxectivo a través das ordes de execución e, meso, do exercicio da potestade sancionadora; sen embargo no caso do abandono xurídico do ben, como se afirma na proposta da ordenanza “ a súa titularidade descoñecida ou a pertenza a comunidades hereditarias ou entidades xurídicas nas que falla unha vontade ou capacidade de inversión (pénsese nunha sociedade sen actividade ou en liquidación) obrigan a por en marcha mecanismos alternativos, tales como a venda forzosa do ben.*

*Por todo isto, e coa fin de desenvolver as previsións legais contidas na Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia, este Grupo Municipal presenta esa mesma Ordenanza coa enmenda do Apartado 1 do artigo 5º cambiando to número de multas coercitivas a tres e coa que unanimamente todos os concelleiros estiveron de acordo ao votar a favor por todo o anterior, o Grupo Socialista de Outeiro de Rei presenta ante este Pleno as seguintes INICIATIVAS DE ACORDO:*

*1.- Que se aprobe o seguinte:*

## *ORDENANZA REGULADORA DO REXISTRO MUNICIPAL DE SOLARES DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI*

### *TÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS*

#### *Artigo 1º*

*A presente ordenanza ten por obxecto a creación do Rexistro Municipal de Solares do Concello de Outeiro de Rei como instrumento orientado á rehabilitación e rexeneración urbana, así como regular a súa organización e funcionamento*

#### *Artigo 2º*

*O Rexistro Municipal de ten a consideración de Rexistro Administrativo de carácter público, e está constituído por todos aqueles inmobles, xa sexan solares ou edificios, que fosen previamente incluídos no mesmo mediante resolución administrativa para o efecto.*





*Artigo 3º*

*O ámbito de aplicación do Rexistro Municipal de Solares abarca a todos os inmobles incluídos no termo municipal de Outeiro de Rei.*

*TÍTULO II.- DO REXISTRO DE SOLARES*

*Artigo 4º*

*Son susceptibles de inclusión no Rexistro Municipal de Solares os inmobles que se achen nos seguintes supostos:*

*1.- Solares:*

*a.- Os solares cuxos propietarios, solicitando licenza de obras, incumpran os prazos de iniciación, conclusión e non interrupción da construción establecidos na propia licenza ou, na súa falta, o establecido na lexislación urbanística aplicable. A caducidade da licenza será declarada previa audiencia do interesado.*

*b.- Aqueles solares cuxos propietarios, recibindo orde de execución da edificación, deixen transcorrer un ano sen solicitar a preceptiva licenza.*

*c.- Solares que adquiran tal condición como consecuencia da destrución dun edificio catalogado, mediando incumprimento por parte do seu propietario do deber normal de conservación, cando a Administración non opte pola súa expropiación.*

*d.- Aqueles solares cuxos propietarios houberen incumplido a oportuna orde de execución de actuacións para garantir as condicións de seguridade, salubridade e ornato público, incluíndo ordes de limpeza ou de xestión da biomasa vexetal.*

*2.- Edificios:*

*a.- Aqueles respecto dos que se incumpra a obrigaçión de efectuar obras de conservación e rehabilitación derivada dunha orde de execución.*

*b.- Os edificios en ruína.*

*Artigo 5º*

*A inclusión no Rexistro efectuarase de oficio ou a instancias de calquera interesado, e efectuarase mediante acordo motivado que deberá incluír, polo menos, aqueles datos urbanísticos, catastrais e rexistrados que permitan unha identificación inequívoca e o máis completa posible tanto do inmovible obxecto da inclusión como dos seus posibles propietarios.*





*Con carácter previo á inclusión dun inmovible no Rexistro de Solares deberá constarse a ineficacia das medidas de execución forzosa das oportunas ordes de execución, edificación ou rehabilitación.*

*Consideraranse ineficaces as medidas de execución forzosa nos seguintes supostos:*

- 1. Si se impuxeron tres multas coercitivas sen que os propietarios cumprisen satisfactoriamente os seus deberes urbanísticos.*
- 2. Se o Concello carece de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a execución subsidiaria da orde de execución urbanística, demolición, edificación ou rehabilitación.*
- 3. Se non se puiden practicar a notificación da orde de execución e esta se practique mediante anuncios no TEU sen que o interesado houbese comparecido no expediente, sempre que se advirta previa e expresamente no anuncio acerca da inclusión do inmovible no Rexistro de Solares.*
- 4. Si se trata de un ben patrimonial de unha Administración Pública ou entidade dependente e incumpriu a orde de execución debidamente notificada.*

#### *Artigo 6º*

*A inscrición no Rexistro Municipal de Solares habilitará ao Concello para tramitar a venda forzosa do inmovible nos termos establecidos na lexislación do chan de Galicia.*

*A venda forzosa do inmovible efectuarase mediante poxa pública a tramitar mediante procedemento aberto abreviado.*

*O pago ao propietario do prezo obtido compensarase, total ou parcialmente, con cargo ao importe das sancións ou multas coercitivas firmes en vía administrativa e impostas por razón do incumprimento dos deberes e cargas urbanísticas que recaen sobre o inmovible, así como con cargo aos custos administrativos e tributarios, de valoración e de tramitación e inscrición no rexistro da propiedade.*

*Transcorridos os prazos previstos na lexislación urbanística de Galicia sen que se perfeccione a venda forzosa do inmovible, a inscrición no Rexistro de Solares quedará sen efectos, e non se poderá volver practicar a inscrición senón unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a súa caducidade.*

### *TÍTULO III.- DO LIBRO REXISTRO*

#### *Artigo 7*





*O Libro Rexistro é o soporte documental no que quedan inscritos todos os inmobles incluídos no Rexistro.*

*As certificacións que dos seus datos expídanse terán a consideración de documento público para todos os efectos administrativos, con valor probatorio.*

*O Rexistro de Solares depende da Secretaría do Concello.*

#### *Artigo 8º*

*O Libro Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar constará de dúas seccións:*

*a.- Sección de solares.*

*b.- Sección de edificios.*

#### *Artigo 9º*

*As Seccións confeccionaranse con arranxo ás seguintes regras:*

*1.- Corresponde ao Alcalde o órgano en quen delegue acordar a inscrición de inmobles no rexistro, así como a modificación ou cancelación dos correspondentes asentos.*

*2.- Tanto os solares como os edificios para rehabilitar numeraranse correlativamente por orde de inscrición.*

*3.- A transcrición dos datos correspondentes a cada leira inscrita no Rexistro efectuarase mecanicamente. Efectuada a folla será legalizada coa firma electrónica do Secretario do Concello e do Alcalde.*

#### *Artigo 10º*

*De conformidade co previsto na vixente normativa sobre réxime local, ao Alcalde ou Concelleiro en quen delegue correspóndelle o exercicio das seguintes atribucións en relación co Libro Rexistro Municipal de Solares:*

*1.- Incoar o procedemento de inclusión no Rexistro.*

*2.- Acordar a inclusión no Rexistro Municipal de Solares e Edificios a Rehabilitar.*

*3.- A modificación ou cancelación de asentos.*

*4.- O visto e praxe de cada unha das follas do Libro Rexistro.*

*5.- O visto e praxe das certificacións que soliciten os interesados ou se expidan de oficio para a súa remisión ao Rexistro da Propiedade.*





6.- *As demais que lle atribúan as leis, de conformidade co disposto no artigo 124.4 da Lei 7 /1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Artigo 11º*

*O Libro Rexistro Municipal de Solares expresará respecto de cada edificio ou solar as circunstancias seguintes:*

- a) Situación, extensión e lindeiros da leira.*
- b) Identidade e domicilio do propietario.*
- c) Referencia catastral e datos de inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- d) Cargas, gravames e situacións xurídicas inscritas no Rexistro da Propiedade, con identificación dos seus titulares.*
- e) Arrendatarios e ocupantes do inmovible*
- f) Datos administrativos:*
  - ü Número de expediente, orde de edificación e prórrogas concedidas*
  - ü Declaración de situación legal de ruína/orde de execución incumprida /declaración de incumprimento de deberes urbanísticos o Orde de inclusión*
  - ü Motivo da inclusión, outras resolucións administrativas que lle afecten, cancelación e motivo da cancelación.*
- g) As determinacións dos instrumentos de plan urbanístico aplicables, que figurarán na correspondente cédula urbanística.*
- h) A valoración do inmovible.*

*Artigo 12º*

*Ordenada a inclusión do inmovible por resolución do órgano municipal competente e notificada esta a os interesados procederase de oficio a practicar o asiento de inscrición no Libro Rexistro Municipal de Solares.*

*Artigo 13º*

*Unha vez emendadas definitivamente as circunstancias que motivaron a inclusión dun inmovible no Rexistro poderá procederse, de oficio a instancia do interesado, á cancelación da*





*inclusión do mesmo. Dita cancelación deberá acordarse mediante Resolución municipal debidamente motivada e cos mesmos requisitos esixidos na presente Ordenanza para a inclusión.*

*Se por calquera circunstancia producísese un erro na inclusión dun inmovible no Rexistro, a Administración de oficio ou a instancia de calquera interesado, procederá á cancelación da inclusión na forma establecida no parágrafo anterior, facendo constar expresamente o erro na Resolución que se dite.*

*Das Resolucions de cancelación, sexa cal for o motivo destas, darase oportuno traslado ao Rexistro da Propiedade para o seu coñecemento e efectos mediante certificación expedida polo Secretario do Concello.*

#### *TÍTULO IV.- DA PUBLICIDADE E ACCESO AO REXISTRO*

##### *Artigo 14º*

*O Rexistro Municipal de Solares e Edifícios a Rehabilitar ostenta a natureza de rexistro público de carácter administrativo, polo que deberá manterse en condicións de pública consulta, a disposición de calquera cidadán, sen que para ese efecto resulte esixible acreditar a condición de interesado.*

##### *Artigo 15º*

*De conformidade co disposto no artigo 137 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, de solo de Galicia, a orde de inclusión de inmoables no Rexistro Municipal de Solares notificarase ao Rexistro da Propiedade, coa finalidade de estender a publicidade rexistral á situación urbanística da leira. A tal extremo remitirase ao Rexistro da Propiedade certificado que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordene a inclusión da leira no Rexistro Municipal de Solares, unha vez sexa firme en vía administrativa, facendo constar que se practicaron as notificacións aos titulares rexistrais, así como os datos de inscrición no Rexistro administrativo.*

##### *DISPOSICIÓN FINAL.-Entrada en vigor*

*A presente Ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*2.-Que se publique no BOP para que, por fin entre en vigor, cumprindo deste xeito co Artigo 70.2 la Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases de Réxime Local*

A concelleira socialista Carmen Acacio pide explicacións relativas ao motivo polo que non foi publicada a ordenanza logo da súa aprobación plenaria.

Explicálle o sr. alcalde que non pasou nada realmente, senón simplemente que quedou o







expediente así parado sen ningún motivo concreto, que non se fixo o seu trámite administrativo.

a concelleira socialista di que non lle chegan esas explicacións e nin entende como neste ano non se deron conta de que a Ordenanza non estaba publicada.

Sométese a votación o asunto resultando rexeitado por 9 votos en contra do PP 1 a favor do PSOE e 3 abstencións do BNG.

### 3º.- DITAME FAVORABLE DA MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUN PIC

<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

#### Se copia a moción previamente ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno:

*Os Puntos de Información Catastral (PIC) son centros de prestación de servizos catastrais, autorizados pola Dirección Xeral do Catastro, que se localizan en entidades públicas para prestar á cidadanía servizos coma, entre outros:*

- *Consulta de datos catastrais non protexidos e solicitude de certificacións catastrais*
- *Consulta de datos catastrais protexidos, por parte de estremeiros*
- *Consulta de información relativa á Política Agraria Común*
- *Notificación, por comparecencia, de comunicacións catastrais*
- *Recepción, dixitalización e presentación de escritos*
- *Servizo de asistencia á cidadanía mediante videoconferencia*

*Estes servizos, que se dan en varios días da semana e diferentes horarios, abrirían o acceso a datos inmobiliarios de bens sitos no Municipio á xeneralidade da cidadanía. Trataríase de servizos que, ademais, poden ser gratuítos; e que beneficiarían indirectamente a sectores profesionais coma o forestal, gandeiro, de prestación de servizos ou de agricultura.*

*Por contar con persoal específico, contribuiría a desconxestionar a carga de traballo do persoal municipal adscrito ao servizo de urbanismo.*

*Só 12, dos 67 Concellos da Provincia de Lugo non teñen Punto de Información Catastral. Outeiro de Rei está entre eles. Saíamos desa lista. Non parece ter sustento que Concellos con moita menos poboación (A Pastoriza, O Valadouro, Ourol ou Muras) teñan este Servizo e o Concello de Outeiro de Rei non o teña.*





Intervén o concelleiro do BNG Miguel Vieito di que a moción rexistrouse o 19 de febreiro de 2024 e que por ese motivo non lle vai levar moito tempo explicala pois é coñecida por todos os grupos.

A concelleira socialista Carmen Acacio afirma que está completamente dacordo con esta moción.

O Sr alcalde di que non poden estar dacordo coa moción porque consideran que se trata dunha competencia de catastro e que cada administración debe asumir as súas propias competencias e catastro está case a mesma distancia que o concello para a maioría dos veciños. o concelleiro nacionalista Miguel Vieito di que se trata dun servizo que presta catastro e que financia catastro pero o alcalde considera que sempre supón carga de traballo para o persoal.

Sométese a votación a moción resultando rexeitada poe 9 votos en contra do PP e 4 a favor do PSOE e BNG.

## MOCIÓNS DE URXENCIA

### **1.- Moción de uxencia do BNG de promoción da lingua galega.**

O concelleiro nacionalista Miguel Vieito informa de que o día 19 de febreiro de 2024 xunto coa moción do PIC foi rexistrada a moción relativa a medidas de fomento e promoción do uso da lingua galega. Di que no Pleno anterior non se lle permitiu poder presentar a moción por vía de urxencia e di que iso so pode ser un motivo de lesión dun dereito fundamental porque so un tirano ou un cacique se comporta como o fai o alcalde, esto é, non metendo na Orde dia as dúas mocións presentadas polo BNG antes da Comisión Informativa . O Sr. alcalde lle contesta que non debe de ser un asunto urxente porque non xustificaron a urxencia e dille que eles están facendo política e non xurisprudencia.

Sométese a votación a urxencia da moción e resulta rexeitada por 9 votos en contra (PP) e 4 a favor (3 BNG e 1 PSOE).

Non se trata o fondo do asunto.

### **2.- Moción de urxencia do PP en apoio ó sector primario**

O sr. alcalde xustifica a urxencia e di que existe un sector primario moi precario na actualidade pola lexislación europea e que as manifestacións existentes estes días fan de actualidade o tema.

Sométese a votación a urxencia da moción sendo aprobada por unanimidade

Se trata o fondo do asunto.

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE OUTEIRO DE REI EN APOIO AO SECTOR (PRIMARIO) AGRICOLA E GANDEIRO**

### ***Exposición de motivos***





*En Galicia, a agricultura e a gandaría son dúas pezas chave do noso sector primario. Actúan como principais actores na xestión sostible do territorio e é a principal fonte da alimentación do noso país, por iso, e dada a situación actual, posicionámonos ao lado dos nosos produtores na defensa dos seus intereses.*

*Dende o partido popular estamos de acordo co reclamo que realizan os nosos agricultores e gandeiros, cuxas protestas redundan nunha baixa rentabilidade derivada de prezos que non cubran os custos de produción, unha necesidade de abordar unha modificación da lexislación europea que os está asfixiando e poñendo en perigo a súa viabilidade económica e a competencia desleal que veñen sufrindo a consecuencia dos tratados de libre comercio con terceiros países que firma a UE sen a esixencia de cláusulas espello.*

*O sector está deixando claro os seus reclamos nestes días. A lexislación da UE arrisca o seu futuro ao impoñer cada vez máis trabas burocráticas, ademais de esixencias medioambientais que non foron deseñadas atendendo á sustentabilidade económica, social e medioambiental das explotacións.*

*Vémonos na obriga de esixir ao Goberno central que lidere a petición dunha moratoria en toda a UE desta nova lexislación de cara a facilitarlles o traballo do día a día aos nosos agricultores e gandeiros e atender ás especificidades de cada rexión, e non como fixeron ata o de agora legislando de costas ao sector.*

*As mobilizacións ás que asistimos nas últimas semanas responden a unha inconformidade do gandeiros e agricultores non só galegos, se non de toda España, coas medidas anunciadas e ante a pasividade do Ministerio de Agricultura ao non defender os seus dereitos ante Bruxelas.*

*España como potencia agroalimentaria dentro de Europa debe adoptar unha postura de liderado esixindo unha moratoria inmediata desta normativa que ocasiona prexuízos no desenvolvemento da actividade agraria.*

*En definitiva, unha actuación contundente diante as instancias europeas neste reclamo, defendendo sempre as singularidades do noso territorio, de Galicia, e tendo en conta a postura do sector. A carga burocrática do sector non debe ser incrementada de ningunha maneira nin por Europa nin por ningunha institución española. Estamos a favor do compromiso medioambiental sempre e cando sexa garantía de sustentabilidade económica e social das explotacións dos nosos gandeiros e agricultores, e neste ámbito todas as administracións teñen unha marxe de mellora.*

*Non podemos obviar que as principais demandas do sector están moi ligadas á nova PAC en concreto poñen o foco no caderno dixital, a rotación de cultivos, a redución de*





*fitosanitarios, a normativa relativa ao decreto de ordenación de explotacións bovinas ou a nutrición sostible do solo e a necesaria adaptación e flexibilizar os ecoesquemas á realidade de cada rexión.*

*Así mesmo, é unha cuestión fundamental abordar a competencia desleal de produtos de terceiros países, dado que as condicións nas que se producen posibilitan que accedan ao mercado común cuns prezos cos que non poden competir os agricultores e gandeiros europeos.*

*A defensa do sector primario para o Partido Popular é prioritario e por iso tampouco podemos deixar de reclamar un prezo xusto para os seus produtos o cal require dunha aplicación efectiva da prohibición da venda a perdás.*

*Por iso, instamos ao Goberno do estado a modificar a Lei da cadea alimentaria co fin último de facer efectiva a prohibición de venda a perdás a favor dos operadores primarios, unha petición reiterada en numerosas ocasións dende a Xunta de Galicia e que atende á necesidade que o Goberno central asuma a súa responsabilidade.*

*En definitiva, o Partido Popular de Galicia sempre estará do lado dos nosos agricultores e gandeiros e buscando a súa mellora e beneficio.*

*Ante esta situación, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*1.- Mostrar o apoio ao sector primario de Galicia, aos seus gandeiros e agricultores e reivindicar a súa importancia no desenvolvemento do noso sector agroalimentario, tanto dende o punto de vista produtivo, económico e social, como ambiental.*

*2.- Esixir ao Goberno central que lidere unha moratoria inmediata e temporal da normativa europea que ocasiona prexuízos no desenvolvemento da actividade agraria e que poñen en perigo a viabilidade das súas explotacións.*

*3.- Esixir ao Goberno central defender a postura dos nosos gandeiros e agricultores respecto da situación xerada de competencia desleal que supoñen os tratados de libre comercio con terceiros países que firma a Unión Europea sen a esixencia de cláusulas espello.*

*3.- Instar ao Goberno central a que modifique **a Lei da Cadea Alimentaria para facer efectiva a prohibición da venda a perdás**, e recoñeza a oficialidade das ferramentas de cálculo de costes de produción – Contaláctea e Contacarne- postas en marcha pola Xunta de Galicia.*

*4.- Demandar ao Goberno central a retirada do lobo da LESRPE e a transferencia dos fondos comprometidos a Galicia para a prevención e compensación dos danos causados pola fauna salvaxe (xabaril, lobo...).*





*En Outeiro de Rei, a 28 de febreiro de 2024.*

Di o alcalde que se trata dun tema moi actual porque está pasando a diario. Que hai manifestacións pola lexislación europea que prexudica aos gandeiros e agricultores. Considera o ar.a lcalde que os países membros da UE son quenés toman as decisións, polo tanto son os Consellos de Ministros europeos formados por ministros españois quenés deben defender a economía española. Di o sr. alcalde que hai que apoiar a gandeiría e o campo porque xa non é un sector que afecte a moita poboación e sen embargo danos de comer a todos e axudan a evitar que dependamos de países de terceiros países para comer.

O sr. alcalde pide o apoio de toda a Corporación á moción,

Di que en Galicia temos unha situacións mediomabiental das mellores de Europa gracias á xente do campo.

Intervén a concelleira nacionalista Elvira Lombao e di que comparten as xustas reivindicacións dos nosos labregos e que as manifestacións son previas á celebración da Comisión informativa e que debiu de presentarse naquel momento e non como urxencia. Di que a é a Consellería de Medio Rural quen é o responsable da mala xestión da PAC en Galicia. Queíxase igualmente da cadea de distribución dos produtos e di que o PP en 2009 eliminouse órganos que servían para evitar estes problemas como a Mesa do Leite. Di que o PP desgoverna en materia de agricultura e gandeiría. propoñen ampliar a moción existindo responsabilidade á Consellería de Medio Rural en todo aquilo que lle é propio.

A concelleira socialista Carmen Acacio intervén e di que determinadas producións de están comprometidas dende a pandemia pero que o goberno central ten invertido moitísimo diñeiro en axudas ó sector agro-gandeiro. Di a concelleira socilaista que é un sector moi productivo e moi beneficioso e que se está comprando o discurso da extrema dereita en Europa.

O Sr. alcalde contéstalle que non é o mesmo vivir no rural que vivir do rural e que xa non hai extrema dereita, e case tampouco extrema esquerda. Di que respecto ás axudas aos agricultores e gandeiros na pandemia, que solo faltaba.

Respóndelle o sr. alcalde ao BNG e di que efecivamente a Xunta de Galicia aplica a PAC, pero porque non ten outra posibilidade, pero que é o goberno central quen intervén na regulación da PAC. Di o sr. alcalde que o problema principal é a competencia desleal con empresas non comunitarias.

A concelleira do PP Pilar Méndez Lombao auséntase da sesión antes da votación.

O Sr. alcalde remata a súa intervención pedindo o apoio da moción e sométese a votación, resultando aprobada por 11 votos a favor ( 8 do PP e 3 do BNG) e 1 abstención do PSOE. a concelleira do PP Pilar Méndez Lombao non exerce o dereito ao voto por atoparse fora da sesión cando comenzou a votación.

## ROGOS E PREGUNTAS

**\*\*\*1º.-\**Rogo do BNG relativo á recuperación da fonte dita en Province***

Nunha das marxes da estrada que cruza o Lugar de Province, na Parroquia de Aspai, atópase





unha fonte de auga que era de uso común non só polos veciños e veciñas do propio Lugar, senón que tamén acudían a ela dende Vicinte, Candai ou Bravos. Porén, dende hai xa máis dun ano a fonte non é utilizábel. Fica atoadada con terra, lodos e maleza e a zona circundante, completamente enchoupada pola acumulación da auga, é impracticábel. Na actualidade poden verse fondas rodadas de vehículos pesados, que agravan e empeoran o problema (do que sexan probablemente a causa).

Ao ficar nesta situación non só se imposibilita a dispoñibilidade da auga pola veciñanza, senón que o retorno da mesma e a sucidade poden comprometer mesmo o seu uso no futuro e deteriorala até o punto de ficar non recuperábel. Tamén existe risco potencial de se afectar de xeito irreversible ao ecosistema (flora e fauna) do entorno da fonte. A maior abastanza a fonte, alén de ser un recurso hídrico e de consumo, era un elemento máis da comunidade, que xeraba interacción entre a veciñanza e con persoas doutras Parroquias, favorecendo os lazos na poboación. Nótese que fica próxima á ruta arqueolóxica do Acevedo e á Mámoa do Pico das Mallas, polo que era tamén de uso común polos sendeiristas. Malia que a cidadanía da Parroquia puxo este feito en coñecemento do Concello xa a inicios de 2023, por varias vías distintas e en diferentes ocasións (incluíndo en xuntanza presencial) ningunha actuación se executou no sentido de devolver o uso a este ben da comunidade. É por todo iso, polo que facemos o seguinte ROGO: Para que o Alcalde e equipo de Goberno do Concello de Outeiro de Rei provea as medidas oportunas para devolver o uso á fonte de Province, á maior brevidade posíbel.

Contesta o sr. alcalde que xa hai días que se están facendo actuacións.

## 2.- Pregunta do BNG, referida a *CORTES NO SUBMINISTRO DE AUGA DALGUNHAS PARROQUIAS DO CONCELLO SEN PREVIO*

*No pasado mércores 21 de febreiro, varias Parroquias do noso Concello experimentaron un corte de subministro de auga, por tempos que nalgunhas duraron varias horas e que, mesmo á data de redacción desta pregunta, seguen experimentando diminucións significativas da presión.*

*Por desgraza, non é a primeira ocasión que preguntamos por este mesmo feito, pois xa o fixemos en outubro de 2023. Se temos en conta os últimos seis meses é, polo menos, a terceira vez que se sofren estes cortes en Parroquias de ámbolos dous lados do río.*

*Malia contar o Concello con sistema de alerta a móbiles e un espazo rotulado “Avisos” na páxina web, non existiu nin aviso previo, nin información posterior sobre a duración e características do corte. É por iso, que dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas:*

### *PREGUNTAS:*

*- Cal foi o motivo deste último corte? -*

*Cal é o motivo de que sexa este o terceiro corte relevante en menos de seis meses? -*

*Dende o corte de subministro de outubro, que accións de mellora, actualización e renovación da rede de subministro se levaron a cabo no Concello? -*

*Por que non se emprega o espazo de “Avisos” da web municipal para informar destes*





*acontecementos?*

Contesta o sr. alcalde que o feito de ter unha rede de abastecemento de auga mais grande incluso que a cidade de Lugo, conleva que poidan existir moitas averías.

Respecto as preguntas en concreto responde que o primeiro corte foi por un problema na potabilizadora, outra foi unha avería no sistema de impulsión e na rede xeral e gracias ao dobre circuito resolveuse moito mais pronto o problema e a terceira foi pola avería de novo logo da reparación.

Explica o sr.alcalde que ó sair a auga con tanta presión conleva que poida haber mais averías.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

